

Proxecto educativo do centro

I.E.S. Aquis Querquernis
(Bande)

Índice


Características xerais do contorno escolar e do IES	3
Necesidades educativas específicas do alumnado.....	7
Organización xeral do IES.....	8
Fins e intencións educativas do IES atendendo á identidade propia do centro.....	28
Obxectivos do IES tendentes a lograr a normalización lingüística	29
Adecuación ao contexto do IES dos obxectivos xerais das etapas educativas impartidas.....	31
Normas de organización e funcionamento.....	33
Oferta do IES en canto a itinerarios e materias optativas.....	34
Actividades e servizos.....	38
Formas de colaboración e participación entre os diferentes sectores da comunidade educativa.....	39
Formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións.....	41
PCC.....	44

Características xerais do contorno escolar e do IES

O medio físico

O marco xeográfico inflúe directamente na forma de vida das persoas e, consecuentemente, tamén condiciona as características e necesidades educativas.

O IES Aquis Querquernis acolle alumnado da Baixa Limia (concellos de Bande, Muíños, Entrimo, Lobeira e Lobios) e do concello de Verea. A comarca sitúase no SO da provincia de Ourense, limitando con Portugal, entre os 42° 7' N e 41° 48' N e os 8° 13' O e 7° 56' O. A superficie total dos concellos é de 624,7 km².



A zona da Baixa Limia é unha área eminentemente montañosa, de relevo accidentado e cun forte encaixonamento dos ríos. A altura media do territorio sitúase arredor dos 600 m, aínda que se atopan zonas onde a altitude supera os 1000 m.

O clima pode ser definido como atlántico continental, isto é, veráns frescos (con temperaturas medias arredor dos 18°C) pero con posibilidade de situacións de inestabilidade, invernos suaves (temperaturas medias arredor dos 7°C) e húmidos con frecuentes xeadas e, máis esporadicamente, nevadas de escasa entidade, e primaveras e outonos frescos con precipitacións non moi cuantiosas. Evidentemente, nas zonas máis altas do territorio as condicións climáticas acentúanse no sentido dunha baixada xeral das temperaturas medias e unha elevación do nivel de precipitacións, mentres nas zonas dos vales os rasgos son máis temperados.

En relación directa con este clima, a paisaxe predominante da comarca é o bosque. Piñeiros, carballos e castiñeiros son as especies máis abundantes; nas beiras dos ríos, os habituais amieiros e salgueiros, mentres nas zonas máis altas o protagonismo recae nas especies arbustivas (toxos, xestas, carqueixas).

A poboación

As características demográficas da Baixa Limia correspóndense claramente coa maioría das zonas rurais do interior de Galicia.

Podemos destacar as seguintes características:

-dispersión e atomización poboacional: nos seis concellos hai un total de 181 núcleos de poboación, do que, tendo en conta a poboación total da comarca en 2019 de 7715 habitantes, resulta unha media de 43 habitantes por núcleo. Considerando que hai vilas onde a poboación ronda ou supera os 500-600 habitantes, podemos afirmar a existencia de moitos núcleos onde o número de habitantes atópase por debaixo dos 15-20, coas importantes connotacións que estes números significan para o proceso de socialización do noso alumnado.

-descenso demográfico continuado: entre o ano 1981 e 2019, o noso territorio pasou dunha poboación total de 22.283 habitantes a 7715. Isto significou un descenso demográfico de case o 70% que afectou a todos os concellos da zona. O resultado é un territorio cunha densidade poboacional moi reducida en comparación coa media da provincia de Ourense ou a media galega. Esta debilidade demográfica orixina unhas negativas consecuencias tanto a nivel económico (reducido dinamismo en todos os sectores, mínimas esperanzas de futuro) como dotacional (escasos investimentos, infraestruturas insuficientes) ou poboacional (aumento dos núcleos abandonados).

-envellecemento demográfico: a caída demográfica indicada no anterior apartado obedece fundamentalmente a un crecemento vexetativo negativo, é dicir, a uns índices de mortalidade moi superiores aos de natalidade. O saldo migratorio, que nos últimos anos adquiriu cifras positivas, non pode compensar a caída provocada pola elevada mortalidade e o descenso da natalidade.

A explicación a este saldo vexetativo negativo atópase nun fenómeno moi estendido nas zonas rurais do interior de Galicia: o envellecemento demográfico.

A evolución demográfica indicada, así como o fenómeno de envellecemento, teñen importantes consecuencias no noso centro educativo. O máis evidente é o descenso do alumnado do IES que se ven producindo de forma continuada nos últimos anos, tendencia que, parece evidente, se manterá nos vindeiros anos.

-predominio da poboación inactiva: os datos correspondentes a estes últimos anos indican unha abrumadora maioría de persoas inactivas (nenos, estudantes, xubilados e rendistas), fronte ás activas (ocupados ou parados). Os datos son consecuentes co envellecemento anteriormente resaltado. Estes datos atópanse moi lonxe dos correspondentes a comunidades avanzadas e equilibradas demográfica e economicamente, onde a porcentaxe de poboación activa sitúase no 50%.

A economía

A Baixa Limia é unha zona na que o peso do sector primario segue a ser considerable. Con todo, increméntase o carácter complementario desta actividade, de modo que tende a converterse máis nunha axuda á economía familiar que a ser a actividade fundamental á hora de aportar ingresos. Esta característica obsérvase con moita máis claridade se facemos referencia aos pais/nais do noso alumnado, pois menos do 10% dos mesmos afirman dedicarse a actividades agrícola-gandeiras como actividade laboral prioritaria. Unha realidade que responde ao "envellecemento" do sector primario que se pode observar en boa parte de Galicia, onde a maioría dos titulares das explotacións agrarias superan os 65 anos.

O sector secundario ten unha mínima presenza na nosa comarca. Nin os recursos, nin a situación xeográfica nin as infraestruturas de comunicación favorecen o desenvolvemento destas actividades. A inexistencia de polígonos industriais na zona (tan estendidos por outras comarcas de Galicia) é proba evidente da escasa atracción que ten este territorio para o sector industrial. Así pois, o sector secundario está representado por pequenos talleres, case sempre de tipo familiar, dedicados á transformación de diversos materiais: aserradeiros, canteiras, fábricas de mobles ou metalúrxicas, etc.

Polo que respecta ao sector servizos, preséntasenos un panorama diverso aínda que tamén escaso (como a economía da zona en xeral). O sector comercial ten unha presenza notable; trátase habitualmente de pequenos negocios familiares de venda de produtos variados: alimentación, mobles, electrodomésticos, roupa, fertilizantes... Tamén hai que destacar a porcentaxe de autónomos con pequenos negocios vinculados ao sector da vivenda (hoxe tan duramente atacada pola crise): fontaneiros, electricistas, carpinteiros, cristaleiros, etc. O sector hostaleiro ten tamén un protagonismo destacable; o elevado número de bares, restaurantes, pensións, cafeterías, casas de turismo rural... significan unha porcentaxe de postos de traballo máis que apreciable (especialmente nesta zona con tan poucas posibilidades de emprego) aínda que se trate, maioritariamente, de negocios familiares. Por último, non temos que esquecer a outros dous grupos de traballadores que teñen tamén un peso considerable na Baixa Limia: os empregados de entidades financeiras (debido á existencia dun número considerable de oficinas bancarias) e os funcionarios dos organismos públicos.

Un último apunte debe ser destacado no que respecta ás características económicas da Baixa Limia: a alta porcentaxe de poboación subsidiada, un gran número de fogares teñen como ingresos principais pensións ou prestacións sociais. Característica esta que se corresponde de maneira lóxica cunha poboación envellecida, tal e como indicamos máis arriba.

Infraestruturas

O panorama xeográfico, demográfico e económico presentado nos apartados anteriores explica de forma evidente as conclusións ás que podemos chegar no referido ás infraestruturas da comarca. Unha primeira constatación que, ademais, ten unha clara repercusión no noso alumnado e as súas necesidades educativas: o déficit de infraestruturas de todo tipo.

Se falamos das vías de comunicación, a estrada principal que cruza a comarca (OU 540)¹ non facilita o traslado a outras localidades con máis oferta comercial, de ocio, estudos... aínda que mellorou bastante nos últimos anos. Así, a viaxe dende as zonas máis afastadas dos nosos concellos ata a capital provincial implica traxectos de unha hora e media ou máis. Por outra banda, a rede viaria que une os diversos núcleos de poboación dos concellos caracterízase pola súa dificultade, lentitude e perigosidade, características asociadas ao relevo montañoso e á dispersión poboacional citadas.

As difíciles comunicacións están na base dos problemas de acceso dunha boa parte da poboación aos servizos médicos dos seus concellos (servizos sanitarios elementais que obrigan ao desprazamento a Ourense para a realización de probas diagnósticas rutinarias), así como para o uso dos escasos e infrautilizados servizos culturais (bibliotecas) ou deportivos que ofrecen os concellos pero que non veñen acompañados dunha oferta de transporte que posibilite a utilización dos mesmos por parte daquelas persoas que viven máis afastadas das localidades nos que se atopan estas infraestruturas.

Estas dificultades de comunicación e a escaseza da oferta explican que o acceso do noso alumnado a estes servizos fundamentais para o seu desenvolvemento persoal, social e cultural sexa moi complexo, co déficit formativo que iso implica e que tan importantes consecuencias ten na súa vida escolar. Un bo exemplo destas dificultades e das carencias que sofren os nosos alumnos é o escaso desenvolvemento das comunicacións telemáticas (Internet), de tal forma que, ou ben as localidades onde residen carecen deste tipo de comunicacións, ou as mesmas son excesivamente lentas e irregulares.

Situación lingüística

A comarca da Baixa Limia presenta un predominio aplastante do galego como lingua vehicular. Así, unha enquisa realizada entre o alumnado do noso centro puxo de manifesto que o galego é a lingua habitual de máis do 90% do alumnado.

Outro rasgo caracterizador da zona (polo menos dos concellos limítrofes con Portugal) é a forte interrelación e influencia da lingua portuguesa na comarca, ata o punto de que a RAG recoñece a existencia dun dialecto particular da Baixa Limia, dialecto común cos concellos portugueses do outro lado da “raia” (Terras de Bouro, Braga). A interconexión entre ambos lados da fronteira queda tamén de manifesto na presenza no noso centro dunha porcentaxe considerable (arredor do 10-15%) de alumnos de ascendencia portuguesa directa, alumnos que manteñen un contacto permanente cas súas terras de orixe (familiares, períodos de vacacións, festividade, etc.).

Polo que respecta ao castelán, a abundancia de medios de comunicación nesta lingua no territorio (xornais, televisión, radio) determina que o coñecemento do mesmo por parte do alumnado sexa maioritario, o que non evita a existencia de carencias na súa utilización (o mesmo podería

¹ A apertura no ano 2013 da nova autovía AG 31 (Ourense-Celanova), aínda que supón unha mellora e aforro nos desprazamentos entre a Baixa Limia e Ourense non reduce significativamente as dificultades de comunicación comentadas.

dicirse da lingua galega). Neste sentido resulta rechamante comprobar que, se ben o galego é a lingua maioritaria na expresión oral, non ocorre o mesmo a nivel escrito, onde o castelán aparece como lingua maioritaria das fontes empregadas polo alumnado (xornais, revistas, libros...). Esta situación explicaría, polo menos parcialmente, as dificultades que presentan os alumnos para expresarse nas dúas linguas dependendo do carácter oral ou escrito do contexto.

Unha vez expostas as características xerais e máis destacadas do contorno escolar e do noso IES, e atendendo ás graves carencias que a zona presenta a todos os niveis, poderanse explicar con moita máis facilidade as necesidades educativas específicas do noso alumnado recollidas no seguinte apartado.

Necesidades educativas específicas do alumnado

O alumnado da educación secundaria obrigatoria ten, con carácter xeral, unha idade comprendida entre os 12 e os 16 anos. Este período coincide cunha etapa importante e complexa no referente a cambios, adaptacións e transformacións, tanto nos aspectos fisiolóxicos coma nos psicolóxicos e emocionais que configuran o proceso de maduración das persoas.

Os cambios non se producen dun xeito uniforme en todos os rapaces e rapazas da mesma idade. De aí a grande importancia da atención á diversidade; nin os tempos nin os modos de evolución son os mesmos para todos, como tampouco o son os gustos e intereses emerxentes.

Na etapa anterior da educación primaria podíamos dicir que o alumnado estaba na etapa chamada de operacións concretas; a partir dos 12 anos entra no período de desenvolvemento das operacións formais. Nesta etapa xa se pode facer un razoamento lóxico, conceptual.

Compre non esquecer que nin é automático nin é uniforme en todas as rapazas e rapaces; é un camiño que só percorrerá en condicións de éxito se conflúen o grao de desenvolvemento do alumnado e as formas de ensino e aprendizaxe propostas.

O alumnado nesta idade de 12 a 16 anos é capaz de analizar os retos que se lle presentan; é capaz de formular preguntas cada vez máis complexas; é capaz de formular hipóteses, comprobando resultados, utilizando un pensamento lóxico, e é capaz de planificar accións. Todas estas capacidades deben ser desenvolvidas para acceder ao éxito escolar. Isto implica uns principios fundamentais:

- Coñecemento do noso alumnado e atención a diversidade existente no centro. Transmitir con ideas claras o que se vai facer, como e con que normas.
- Asumir métodos pedagóxicos que incidan, e non se afasten, do desenvolvemento destas capacidades.

dentro do propio centro. Neste marco é no que compre situar o que se denomina a organización xeral dun centro.

A organización xeral dun centro atinxe pois ao modo no que se deciden as regras de traballo no I.E.S. e a distribución dos recursos, e os que a Consellería de Educación e calquera outra institución dota ao Instituto para levar a cabo as actividades educativas que ten encomendadas como centro da rede pública de secundaria.

O proxecto podemos definilo entón coma as bases sustentadoras que desexamos que fundamenten a toma de decisións e a distribución dos recursos para a labor docente que ten o centro.

O deseño das grandes liñas organizativas arranca dos obxectivos e metas que neste mesmo proxecto se establecen para o I.E.S e afiánzase cos principios democráticos que fixamos como piares de "modo de ser " do noso centro. Por outra parte, este deseño do que queremos que sexa a organización do centro prolóngase xa máis polo miúdo, no que se denominan Normas de Organización e Funcionamento, código normativo de funcionamento no que se concreta a estrutura organizativa, no seu plano máis operativo, da vida diaria do instituto.

ESQUEMA BÁSICO

Tratarase de deseñar o esquema básico que pensamos deberá rexer a ordenación de alumnos/as, profesores/as, ensinanza, dirección, dependencias, equipamento, recursos financeiros e o propio funcionamento do centro de cara a acadar os obxectivos educativos previamente establecidos.

Unha parte importante deste esquema organizativo básico que tentamos deseñar ven determinada pola propia lexislación vixente e diferentes disposicións da administración educativa de Galicia. Polo tanto o noso traballo debe consistir fundamentalmente en que, partindo da mesma lexislación, concretemos unha proposta de funcionamento dos órganos legalmente establecidos para un I.E.S. axeitadas ao noso contexto e características.

Agora ben, o grao de concreción desta proposta ten que ser o xusto, xa que deberá deixar as marxes oportunas esixidas polas concrecións que corresponden ás Normas de organización e funcionamento nas que se precisan xa no nivel máis operativo o funcionamento que queremos para os órganos do centro.

A estrutura organizativa prevista polas disposicións legais vixentes, ten dous grandes niveis no que atinxe aos órganos de toma de decisións nun centro de secundaria. Por unha parte están os órganos de goberno e por outra os de coordinación.

ÓRGANOS DE GOBERNO

A lei prevé dous tipos de órganos de goberno: colexiados (Consello Escolar e Claustro) e unipersoais (director/a, xefe/a de estudos, secretario/a e vicedirector/a).

As funcións de cada un deles son as que aparecen no decreto 324/1996 de 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico do I.E.S. e a continuación se transcriben:

A- UNIPERSONAIS

***COMPETENCIAS DO DIRECTOR/A:**

- a) Ostentar a representación do instituto.
- b) Representar oficialmente á administración educativa no instituto, sen prexuízo das atribucións das demais autoridades educativas.
- c) Dirixir e coordinar todas as actividades do instituto, cara á consecución do proxecto educativo do centro e de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das competencias dos restantes órganos de goberno.
- d) Visar ás certificacións e documentos oficiais do instituto.
- e) Designar aos distintos membros do equipo directivo e propoñer o seu nomeamento e cesamento.
- f) Designar e cesar aos xefes de departamento, aos coordinadores e aos titores de acordo co procedemento establecido no regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- g) Coordinar a elaboración do proxecto educativo do centro, proxecto curricular e programación xeral anual, de acordo coas directrices e criterios establecidos pola administración educativa e polo Consello Escolar, e coas propostas formuladas polo Claustro e outros órganos de participación, responsabilizándose co equipo directivo da súa redacción e velando pola súa correcta aplicación.
- h) Convocar e presidir os actos académicos, o Consello Escolar, o Claustro, a Comisión de Coordinación Pedagóxica do instituto e cantas outras se constitúan regulamentariamente, podendo delegar a presidencia dalgunha destas comisións noutros membros do equipo directivo.
- i) Cumprir e facer cumprir as leis e demais disposicións vixentes así como exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.
- j) Favorecer a convivencia no centro e impoñer as correccións que corresponda, de acordo coa normativa vixente, co regulamento de réxime interno, e os criterios establecidos polo consello escolar.
- k) Fomentar e coordinar a participación dos distintos sectores da comunidade educativa, facilitarlles información sobre a vida no centro e procurar os medios precisos para a eficaz execución das súas respectivas competencias, garantindo o dereito de reunión dos profesores/as, alumnos/as, pais e persoal de administración e servizos.
- l) Colaborar coa inspección educativa na valoración pública docente e proporcionar a información que lle sexa requirida polas autoridades educativas competentes e colaborar en todo o relativo ao logro dos obxectivos educativos do centro.
- m) Xestionar os medios humanos e materiais do instituto, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa.
- n) Promover e impulsar as relacións do instituto coas institucións do seu contorno e facilitar a adecuada coordinación con outros servizos educativos da zona.
- o) Trasladar ao Xefe/a territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a memoria anual e situación xeral do centro, así como ás propostas de solución aos problemas existentes.

p) Promover as relacións cos centro de traballo que afecten á formación do alumnado e á súa inserción profesional, e asinar os convenios de colaboración entre o instituto e os mencionados centros.

q) Autorizar os gastos de acordo co orzamento do instituto e ordenar os pagamentos.

r) Realizar as contratacións de obras, servizos e subministracións de acordo co que regulamentariamente se estableza.

***COMPETENCIAS DO VICEDIRECTOR/A**

a) Substituír ao director en caso de ausencia ou enfermidade.

b) Organizar, conxuntamente co director/a e xefe/a de estudos os actos académicos.

c) Coordinar a realización das actividades complementarias e extraescolares, segundo as directrices aprobadas polo Consello Escolar do instituto.

d) Coordinar, se é o caso, o programa de formación en centros de traballo do alumnado que cursa ciclos formativos ou programas de cualificación profesional inicial.

e) Aquelas funcións que o director/a lle encomende dentro do ámbito da súa competencia.

O vicedirector/a poderá asistir ás reunións do Consello Escolar do centro, con voz e sen voto, cando se traten asuntos que lle fosen encomendados.

***COMPETENCIAS DO XEFE/A DE ESTUDOS**

a) Exercer, por delegación do director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ao réxime académico.

b) Substituír ao director/a en caso de ausencia deste e do vicedirector/a.

c) Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do instituto, os proxectos curriculares de etapa e programación xeral anual.

d) Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos de alumnado e profesorado así como velar polo seu cumprimento.

e) Coordinar as actividades dos xefes/as de departamento.

f) Coordinar e orientar a acción dos titores/as.

g) Coordinar a participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar e organizar as actividades de formación de profesores/as realizadas polo instituto.

h) Coordinar a actividade docente no centro, con especial atención aos procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.

i) Facilitar a organización do alumnado e impulsar a súa participación no instituto.

j) Organizar a atención do alumnado nos períodos de lecer.

k) Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director do dentro do ámbito da súa competencia.

***COMPETENCIAS DO SECRETARIO/A**

- a) Ordenar o réxime administrativo do instituto, de conformidade coas directrices do director.
- b) Actuar como secretario/a dos órganos colexiados de goberno do instituto, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e praxe do director
- c) Custodiar os libros e arquivos do instituto, así como dos medios audiovisuais, material didáctico, mobiliario ou calquera material inventariable.
- d) Expedir ás certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.
- e) Realizar coa colaboración dos xefes de departamento o inventario xeral do instituto e mantelo actualizado.
- f) Coordinar, dirixir e supervisar, por delegación do director, a actividade e funcionamento do persoal de administración e de servizos adscrito ao instituto.
- g) Elaborar o anteproxecto de orzamento do instituto de acordo coas directrices do Consello Escolar e oída a comisión económica.
- h) Ordenar o réxime económico do instituto de conformidade coas instrucións do director/a, realizar a contabilidade e render contas ante o Consello Escolar e as autoridades correspondentes.
- i) Velar polo mantemento material do instituto en todos os seus aspectos.
- j) Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que reciba o centro.
- k) Presidir, se é o caso, e por delegación do director a comisión económica.
- l) Calquera outra función que lle encomende o director dentro do seu ámbito de competencia.

B- COLEXIADOS

***CONSELLO ESCOLAR**

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar. Está composto polos seguintes membros: o director/a (que é o presidente), o xefe/a de estudos, un representante do concello, o número de profesores/as non pode ser inferior a un tercio do total dos compoñentes do Consello, elixidos polo claustro e en representación do mesmo, un número de pais e de alumnos, elixidos respectivamente por e entre eles, que non poderá ser inferior a un tercio do total dos compoñentes do Consello, un representante do persoal de administración e servizos do centro, secretario/a que fai a mesma función no Consello con voz pero sen voto.

O Consello Escolar do centro terá ás seguintes competencias:

- a) Avaliar o proxecto educativo, un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Avaliar a programación xeral anual do centro sen prexuízo das competencias do Claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.

c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.

d) Participar na selección do director do centro nos termos que a lexislación establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous tercios, propor a revocación do nomeamento do director.

e) Informar sobre a admisión de alumnos con suxeición ao establecido na lexislación e disposicións que a desenvolvan.

f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atengan á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais ou titores, poderá revisar a decisión adoptada e propor, no seu caso, as medidas oportunas.

g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

h) Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.

i) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.

j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.

k) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.

l) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola administración educativa.

As reunións do Consello celebraranse no día e no horario que posibilite a asistencia a todos os seus membros. Celebrarase como mínimo unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o director ou o solicite a terceira parte dos seus membros. Haberá ademais unha reunión ao principio e ao final de curso.

Nas reunións ordinarias o director enviará os/as membros, cunha semana de antelación, a convocatoria e a orde do día mentres que as reunións extraordinarias serán convocadas cunha antelación de corenta e oito horas. A asistencia é obrigatoria para todos os seus membros.

O consello escolar adoptará os acordos por maioría simple, salvo no caso seguinte: aprobación do proxecto educativo e o regulamento interno e as súas modificacións (por maioría de dous tercios). Dentro do consello existirán alo menos a comisión económica (formada polo director/a, secretario/a, un pai ou nai e un profesor/a) e a comisión de convivencia (formada polo director/a, xefe/a de estudos, profesor/a, pai ou nai e un/unha alumno/a).

***CLAUSTRO DE PROFESORES**

O claustro de profesores/as é o órgano propio de participación destes no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre todos os aspectos docentes do mesmo.

Estará integrado pola totalidade dos profesores/as que presten servizo no curso académico no centro e será presidido polo director/a do centro.

Son competencia do claustro:

a) Elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativos e curricular do centro e da programación xeral anual.

b) Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme ao proxecto educativo do centro.

c) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.

d) Elixir aos seus representantes no Consello Escolar.

e) Propoñer todo tipo de iniciativas que tendan a mellorar o funcionamento do centro en calquera dos seus aspectos.

f) Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos/as.

g) Aprobar a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e calendario dos exames ou probas extraordinarias.

h) Analizar e valorar o rendemento escolar no centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren pertinentes.

i) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos presentados polos candidatos.

j) Coordinar as funcións referentes a orientación, titoría, avaliación e recuperación de alumnos/as.

k) Analizar e valorar os resultados da avaliación que o centro realice, a administración educativa ou calquera informe referente a súa marcha.

l) Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación do centro.

O claustro reunirse alo menos unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o director/a ou o solicite unha terceira parte do mesmo, ademais será perceptiva unha reunión ao principio e ao final do curso.

A asistencia é obrigatoria para todos os seus membros, e o profesorado recibirá unha convocatoria nominal con 48 horas de antelación e coa orde do día a tratar. Todos os acordos tomaranse por maioría absoluta dos seus membros e, en caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

A concreción destes órganos no centro baseándose nos principios democráticos no que asentamos o "modo de ser" do I.E.S. Aquis Querquernis obrigan a que estes órganos de goberno sexan elixidos a partir dunha verdadeira participación democrática de todos os membros da comunidade educativa artellada en procesos totalmente transparentes e apoiada en

proxectos ou programas orientados a resolver as necesidades do centro existentes en cada momento.

De igual modo é fundamental que os mesmos principios democráticos nos que se asenta o modo de ser do centro estean presentes no funcionamento dos órganos de goberno do I.E.S. e, polo tanto, no exercicio das súas funcións. En consecuencia fíxase como liña básica de toma de decisións a idea de que os órganos unipersoais se orienten fundamentalmente á execución nos seus respectivos ámbitos competenciais, das decisións tomadas no claustro e no Consello Escolar do centro. Isto implica para o equipo directivo entre outras actividades:

a) Unha fonda planificación dende a análise de necesidades das decisións colexiadas que deben tomarse para contar con directrices que dirixan o funcionamento do instituto e, por tanto guíen os procesos de ensinanza-aprendizaxe fundadas na atención á diversidade.

b) Elaborar os proxectos de xestión económica.

c) Asumir os correspondentes debates e facilitar os datos ao claustro e ao consello escolar, decidindo con coñecemento de causa e en orde a resolver as necesidades do centro.

d) Recoller os acordos en actas, ás que accederá en calquera momento o membro do órgano que o desexe, facilitándolle as copias que solicite.

e) Levar a cabo o acordo da forma máis efectiva e económica posible dentro dos prazos sinalados.

f) Xestionar os recursos necesarios para sacar adiante os proxectos de traballo.

g) Dar conta aos órganos colexiados da súa xestión.

h) Propoñer liñas de avaliación nos proxectos que atinxe a procesos e resultados académicos tanto no plano educativo, coma na xestión do instituto.

i) Facer as tarefas que lle correspondan a cada órgano unipersoal dentro da unidade que é o equipo directivo, e, en consecuencia, coordinar aos catro membros baixo a responsabilidade do director.

j) Resolución dos conflitos na convivencia de acordo cos dereitos e deberes da persoa universalmente recoñecidos e coa plena garantía dos mesmos.

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

O decreto 324/1996, R.O.C., prevé que nos institutos de educación secundaria existirán os seguintes órganos de coordinación docente: departamento de orientación, departamento de actividades complementarias e extraescolares, departamentos didácticos. Ademais existirán outros órganos como a comisión de coordinación pedagóxica, coordinador de formación en centros de traballo e equipo de normalización lingüística.

***DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Formarán parte do departamento de orientación o orientador/a, profesor/a de pedagogía terapéutica, titor/a por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico, profesor/a da área de formación e orientación laboral, se é o caso.

Funcións do departamento de orientación:

a) Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos/as do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.

b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

c) Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativos e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con N.E.E. e nos principios de avaliación formativa e adecuación dos criterios de promoción.

d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperán, se é o caso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os/as alumnos/as.

e) Participar na avaliación psicopedagóxica e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

f) Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir as habilidades básicas da vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

g) Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.

h) Cooperar cos membros dos equipos específicos de orientación no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.

i) Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

j) Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconceito e da autoestima e no proceso de toma de decisións.

k) Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

l) Calquera outras que a administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

O funcionario de carreira do corpo de ensino secundario do centro, da especialidade de pedagogía e psicoloxía, desempeñará a xefatura de departamento coas seguintes funcións:

a) Representar ao departamento na comisión de coordinación pedagóxica.

b) Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento e facilitar a colaboración entre os seus membros.

c) Responsabilizarse da redacción do plan anual do departamento e velar polo seu cumprimento; así como da elaboración e redacción da memoria final de curso.

d) Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.

e) Velar pola confidencialidade dos documentos.

f) Coordinar a organización dos espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.

g) Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do seu centro e, se é o caso, as dos centros que lle sexan adscritos, así como asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento e criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse, cando cumpra, da elaboración do informe psicopedagóxico.

h) Coordinar as accións dos profesores/as de apoio na atención do alumnado con N.E.E. elevando ao xefe de estudos a proposta de organización da docencia para este alumnado.

i) Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuación conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas,

j) Calquera outras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas a orientación.

O profesorado de apoio exercerá as súas funcións en todas as etapas educativas que se impartan no centro e desenvolverá, ademais das que lle competen coma membros do departamento de orientación, as seguintes funcións:

a) Asistir as reunións da comisión de coordinación pedagóxica.

b) Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda a educación secundaria obrigatoria e, cando sexa necesario, naquelas sesións de avaliación que afecte a alumnado con N.E.E.

c) Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e calquera outras dirixidas a atención á diversidade do alumnado.

d) Prestarlle atención docente directa o alumnado con N.E.E. que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.

e) Calquera outra función que a administración educativa lle poida asignar referida a orientación.

A titoría e orientación do alumnado formará parte da función docente. **A función titorial** é orientadora do alumnado, desenvolverase ao longo de todas as etapas e ciclos formativos. Haberá un titor/a por cada grupo de alumnos designado polo director por proposta do xefe/a de estudos, oído o xefe/a de departamento de orientación entre os/as profesores/as que

impartan docencia a todo o grupo. Cada profesor titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

a) Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co departamento de orientación.

b) Proporcionarlles no principio de curso ao alumnado e aos pais e nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

c) Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.

d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.

e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.

g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.

h) Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo e informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

i) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.

j) Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.

k) Favorecer o proceso de maduración vocacional orientado e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

l) Colaborar co departamento de orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudos.

m) Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.

n) Orientar as demandas e inxedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

o) Informar ao alumnado do grupo, aos pais e nais e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

p) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.

q) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.

r) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnado.

s) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados aos pais e nais ou titores e ao xefe de estudos.

t) Implicar ás familias nas actividades de apoio a aprendizaxe e orientación dos seu fillos.

u) Atender, xunto co resto de profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

***DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Este departamento estará integrado polo xefe/a do mesmo e, para cada actividade, polo profesorado e alumnado responsable da mesma. A xefatura levaraa a cabo o vicedirector/a do centro e terá como función:

a) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.

b) Elaborar o programa anual destas actividades, para o que se terán en conta as propostas dos departamentos, do profesorado, do alumnado e dos pais e nais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.

c) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.

d) Proporcionar ao alumnado a información relativa ás actividades do departamento.

e) Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os departamentos, a Xunta de delegados/as de alumnos/as e a asociación de pais e nais.

f) Coordinar a organización de viaxes de estudos, os intercambios escolares e calquera outro tipo de viaxes que se realicen cos alumnos/as.

g) Elaboración dunha memoria final do curso coa valoración das actividades realizadas que se incluirá na memoria do centro.

h) Presentarlle propostas ao equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros do seu entorno.

Cando por parte dalgún/s órgano ou membro/s da comunidade educativa se promova a realización de actividades complementarias ou extraescolares, deberán presentar un programa diante do coordinador de actividades complementarias e extraescolares, no que constará:

- Responsables
- Obxectivos
- Momento e lugar de realización
- Repercusión no resto do profesorado
- Repercusión económica
- Forma de participación do alumnado

Unha vez presentado o programa o coordinador xunto cos responsables da iniciativa, deberán acadar o consentimento daqueles profesores/as aos/ás que lle/s vaia repercutir dita actividade. No suposto de que a actividade se considere importante para o alumnado e algún profesor/a se negue a deixar as súas horas lectivas, será o departamento ou unha comisión dentro do Consello Escolar quen valorara a iniciativa.

O/A profesor/a que dea o seu consentimento para a utilización do seu horario lectivo, deberá:

- Velar pola participación do seu grupo, pasando lista e acompañándoos ata o lugar de celebración da mesma, permanecendo nel cando a situación ou o tipo de actividade así o requiran.
- Atender os alumnos que non asistan cando o tipo de actividade sexa voluntaria.
- Cumprir a súa xornada lectiva, colaborando nas tarefas coma profesor de garda cando a actividade se realice fóra do recinto escolar.

Para o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares terase en conta o seguinte:

Procurarase que participen grupos completos.

Nos últimos cursos dos Ciclos e Bacharelatos non se poderán, salvo excepcións puntuais e xustificadas, facer saídas despois do 1 de marzo.

Non se autorizará ningunha actividade con desprazamento en vehículos particulares.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

-Realízanse en horario lectivo.

-Deben incluírse nas Programacións Didácticas dos Departamentos como actividades previstas (aínda que logo non se poidan realizar).

-Comunicaranse á Vicedirección antes do 1 de Outubro.

-Irán ao Consello Escolar para a súa aprobación.

a) No centro

-Son obrigatorias para os alumnos.

-Cada profesor acompañará os seus alumnos durante a actividade.

-Intentarase non poñer exames coincidindo coas actividades previstas.

b) Fóra do centro

-Non son obrigatorias para os alumnos.

-Deben estar autorizadas polos pais.

-Comunicaranse á Vicedirección cunha antelación de 15 días.

-O alumnado que non participe realizará tarefas académicas (deben asistir ao centro).

-Como mínimo irá un profesor por cada 20 alumnos.

-O profesorado responsable acompañará os alumnos dende a saída ata o regreso.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

-Realízanse en horario non lectivo.

-Non son obrigatorias para os alumnos.

-Deben estar autorizadas polos pais.

-Comunicaranse á Vicedirección antes do 15 de Novembro.

***DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS**

Os departamentos didácticos son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas das áreas, materias ou módulos profesionais correspondentes, e as actividades que se lles encomenden, dentro do ámbito das súas competencias. Estarán compostos por todos os

profesores/as que impartan o ensino propio das áreas, materias ou módulos profesionais asignados ao departamento. Dentro das competencias dos departamentos atópanse as seguintes:

- a) Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo do instituto e da programación anual
- b) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa
- c) Elaborar, antes do comezo do curso académico, a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás áreas, materias, módulos integrados no departamento, baixo a coordinación e dirección do xefe/a de estudos, e de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.
- d) Promover a investigación educativa e propoñerlle ao xefe/a de estudos actividades de perfeccionamento do profesorado.
- e) Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- f) Colaborar co departamento de orientación na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe, así como na programación e aplicación de adaptacións e diversificacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación para o alumnado que o precise.
- g) Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente.
- h) Organizar e realizar as probas que sexan necesarias para o alumnado de ESO, Bacharelato, ou de ciclos formativos con materias o módulos pendentes e, se é o caso, para o alumnado libre
- i) Resolver as reclamacións derivadas do proceso de avaliación que o alumnado lle formule ao departamento e ditar os informes pertinentes
- j) Elaborar, a fin de curso, unha memoria na que se avalía o desenvolvemento da programación didáctica e os resultados obtidos.
- k) Propoñer materias optativas dependentes do departamento, que serán impartidas polos profesores/as do mesmo.

A **xefatura de departamento** será desempeñada por un profesor/a do mesmo que será designado polo director do instituto segundo a normativa vixente; as competencias serán as seguintes:

- a) Representar o departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- c) Responsabilizarse da redacción da programación didáctica das áreas, materias ou módulos que se integren no departamento.
- d) Dirixir e coordinar as actividades académicas do departamento.
- e) Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fora preciso celebrar.
- f) Responsabilizarse de que se levante acta de reunión do departamento e de que se elabore a memoria final de curso.
- g) Darlle a coñecer ao alumnado a información relativa á programación, con especial referencia aos obxectivos mínimos esixibles e aos criterios de avaliación, elaborados polo departamento.
- h) Realizar as convocatorias, cando corresponda, dos exames para o alumnado libre de bacharelato, ou ciclos formativos con materias ou módulos profesional pendentes, así como as probas extraordinarias, sempre en

coordinación coa xefatura de estudos. Presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento,

i) Realizar o seguimento da programación didáctica do departamento, velando polo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.

j) Resolver as reclamacións de final de curso que afecten ao departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elaborar os informes pertinentes.

k) Coordinar a organización dos espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do departamento.

l) Colaborar co secretario/a na elaboración e actualización do inventario do centro.

Os departamentos terán unha reunión semanal e a asistencia será obrigatoria para todos os seus membros levantándose acta de cada reunión asinada por todos os membros e será rexistrada no libro de actas. As xuntanzas deberán ser convocadas nominalmente, mediante modelo existente. Polo menos unha vez ao mes as reunións terán por obxecto a avaliación do desenvolvemento da programación didáctica.

O departamento entregará as programacións de cada unha das áreas ou materias que os compoñen na xefatura de estudos para posibles consultas.

No noso centro a relación de Departamentos é a seguinte:

- Bioloxía e Xeoloxía.
- Economía.
- Educación física.
- Educación Plástica e Visual.
- Filosofía.
- Física e química.
- Francés.
- Inglés.
- Latín.
- Lingua castelá.
- Lingua galega.
- Matemáticas.
- Música.
- Normalización lingüística.
- Orientación.
- Relixión.
- Tecnoloxía.
- Xeografía e historia.

***COMISION DE COORDINACION PEDAGOXICA**

A comisión de coordinación pedagóxica está integrada polo director/a, que é o seu presidente, o xefe/a de estudos, os xefes de departamento, o coordinador do equipo de normalización lingüística, o profesor/a de apoio, o coordinador en centros de formación de traballo; actuará como secretario un membro da comisión, designado polo director/a, oídos os restantes membros.

A comisión terá as seguintes competencias:

- a) Elevar propostas ao claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración do proxectos curriculares.
- b) Velar para que o PCC, no que se incluíra o plan de orientación académica e profesional e o plan de acción tutorial, se realice conforme aos criterios establecido no claustro.
- c) Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación anual.
- d) Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plan da orientación académica e profesional, do plan da acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular, incluídos no proxecto curricular.
- e) Propoñer ao claustro de profesores/as os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- f) Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- g) Propoñer ao claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos,
- h) Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado cara ao centro de formación continua do profesorado,
- i) Proporlle ao director/a, aos/ás profesores/as titoras que formarán parte do departamento de orientación,
- j) Realizar, se é o caso, a proposta ao xefe/a de estudos co fin de que se designe o responsable do departamento de actividades complementarias e extraescolares.
- k) Propoñer os profesores/as que formarán parte do equipo de normalización lingüística.

A comisión reunirse como mínimo unha vez ao mes e celebrará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso e ao finalizar o mesmo. Serán convocadas polo director do centro con 48 h. de antelación e incluíra a orde do día. As decisións serán por maioría absoluta dos seus membros e no caso de empate decide o voto de calidade do presidente.

***EQUIPO DE NORMALIZACION LINGÜÍSTICA**

Constituído por tres profesores/as, tres alumnos/as e un membro do persoal non docente, todos eles nomeados polo director. As súas competencias son:

- a) Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no P.E.C.
- b) Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, especificando, cando menos, a normativa vixente.
- c) Dinamizar actividades que favorezan o uso e aprecio do noso idioma.

Haberá un coordinador do equipo que será un profesor/a preferentemente con destino definitivo e coas seguintes competencias:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- b) Responsabilizarse da redacción dos plans que serán propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Convocar e presidir as reunións do equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- e) Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

O funcionamento dos órganos de coordinación pedagóxica deberá seguir os seguintes criterios:

- a) Toma de acordos de tipo colexiado e buscando o consenso, figurando os mesmos nas correspondentes actas.
- b) Planificación das actividades e realizar reunións, sesións de estudo e formación; traballos encomendados a cada membro, etc.
- c) Estudo de necesidades no respectivo ámbito de competencia e elaboración das correspondentes propostas de proxectos e/ou programas
- d) Xestión colexiada dos recursos asignados para o desenvolvemento da súa actividade.
- e) Seguimento e avaliación dos proxectos que na súa esfera de actividade se realicen en colaboración coas oportunas propostas necesarias.
- f) Formulación de propostas de innovación e cambio para unha mellor calidade pedagóxica no centro.

***XUNTA DE DELEGADOS DE ALUMNOS/AS**

Estará integrada polos alumnos/as representantes dos distintos grupos e polos representantes dos alumnos/as do Consello Escolar. Estará presidida por un dos membros elixido entre os seus compoñentes e será o que convoque as reunións, presidiraas, coordinaraas e responsabilizarse de que se levante acta da sesión.

A xunta de delegados poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan aos delegados/as de grupo ou dunha das etapas educativas, logo do coñecemento do director/a e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes.

Cada grupo elixirá por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, un delegado de grupo, que formará parte da xunta de delegados. Elixirase tamén un subdelegado, que substituirá ao delegado en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións. As eleccións serán convocadas polo/a xefe/a de estudos, e organizadas por este en colaboración co departamento de orientación, tutores e os representantes de alumnado no Consello Escolar. Estes cargos poderán revogarse logo do informe razoado dirixido ao titor/a, pola maioría absoluta

dos alumnos/as que o elixiron; neste caso procederase á convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días.

O xefe/a de estudos facilitará á xunta de delegados un espazo adecuado para celebrar as súas reunións.

A xunta terá as seguintes funcións:

a) Elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración de proxecto educativo de instituto.

b) Informar os representantes do alumnado do Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.

c) Recibir información dos representantes de alumnos/as do Consello sobre os temas tratados nel, e das confederacións, federacións de estudantes e organizacións xuvenís legalmente constituídas.

d) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou a petición deste.

e) Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interno, dentro das súas competencias.

f) Informar os alumnos/as das actividades da xunta de delegados.

g) Formular propostas o xefe/a de estudos para a elaboración de horarios e o xefe/a do departamento de actividades complementarias e extraescolares para a organización das mesmas.

h) Debater os asuntos que vaia a tratar o Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución aos seus representantes nel.

Cando o solicite a xunta de delegados/as, en pleno ou en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno do instituto, nos asuntos que requiran a súa audiencia.

Corresponde aos delegados/as de grupo:

a) Asistir ás reunións da xunta de delegados/as e participar nas súas deliberacións.

b) Expor ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ao que representan.

c) Fomentar a convivencia entre os alumnos/as do seu grupo.

d) Colaborar co profesorado e co equipo directivo do instituto para o seu bo funcionamento.

e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do instituto.

***PARTICIPACIÓN DE PAIS E NAIS**

A participación dos pais nas actividades e vida do instituto concrétase a varios niveis:

1.-Titorías:

É o contacto máis directo e o máis relacionado coas actividades do seu fillo/a. A través do titor, nos contactos individuais, os pais reciben información da evolución do seu fillo/a. Calquera pai/nai pode intercambiar opinións co titor, por propia iniciativa sempre que queira, na hora semanal que este ten fixada no seu horario.

2.- Consello Escolar

Como é preceptivo, os pais están representados no Consello Escolar, órgano cuxas competencias están reguladas por lei.

Seria adecuado que os pais/nais tivesen un contacto máis fluído co centro para coñecer mellor a vida real do mesmo.

3.- Actividades extraescolares

Os pais/nais poden colaborar na vida do instituto a través do coñecemento e participación nas diferentes actividades extraescolares que se organizan.

4.- Asociación de pais e nais de alumnos/as

Neste momento non existe unha ampa legalmente constituída a través da cal os pais e nais podan participar.

Todo o anteriormente exposto recolle a normativa referida aos diferentes órganos existentes no IES e as formas de colaboración, información e relación entre eles.

Fins e intencións educativas do IES atendendo á identidade propia do centro

- O pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.
- Educación permanente: aprender por si mesmo.
- A formación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios democráticos da convivencia.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- A educación para a paz, cooperación, solidariedade e respecto entre os pobos.
- A participación activa do alumno no seu propio proceso de aprendizaxe no marco dunha metodoloxía construtivista.
- A orientación para a futura elección de actividades profesionais.
- A formación no respecto á pluralidade lingüística e cultural de España.
- Crear e fomentar actitudes de saúde e conservación do medio ambiente.
- A preparación para participar activamente na vida social e cultural.

- A formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais do alumnado en todos os ámbitos da vida, persoal, familiar, social e profesional.
- A participación e colaboración das familias ou titores legais para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos.
- A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, o rexeitamento de todo tipo de discriminación e o respecto a todas as culturas e formas de pensar.
- O desenvolvemento das capacidades creativas e de espírito crítico e responsable. Fomento de hábitos de comportamento democrático.
- A autonomía pedagóxica do Centro, dentro dos límites establecidos polas leis, así como da actividade investigadora dos profesores a partir da súa práctica docente.
- A atención psicopedagóxica e a orientación educativa e vocacional.
- A avaliación dos procesos de ensinanza e aprendizaxe do centro docente e dos diversos elementos do sistema.
- A relación co entorno social, económico e cultural da zona.

Obxectivos do IES tendentes a lograr a normalización lingüística

A longo prazo

- Lograr a plena normalización do noso idioma na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa, tanto nas aulas como fóra delas.

A medio prazo

- Lograr unha actitude positiva da comunidade educativa a favor da normalización.
- Dispoñer de material curricular en galego para todas as áreas.

A curto prazo

- Comprometer na tarefa normalizadora o maior número posíbel de membros da comunidade educativa.
- Concienciar os sectores máis próximos ou afíns á nosa realidade para lograr un cambio progresivo da súa actitude lingüística.
- Manter en galego toda a documentación administrativa e de xestión do centro.

- Promover o uso do noso idioma en carteis, murais e todo tipo de actividades que se realicen dende o centro.
- Proporcionarlle ao profesorado a formación e os medios de traballo posíbeis que lle permitan realizar o seu labor empregando o galego como lingua.
- Adquirir por parte do centro todo o material en galego que sexa posíbel.
- Dar os pasos necesarios para definir a liña lingüística do centro, planificando o emprego do galego como lingua vehicular do ensino, partindo do coñecemento detallado e realista da situación.
- Diseñar e coordinar campañas de sensibilización e actividades en prol da normalización lingüística dirixidas á comunidade educativa no seu conxunto ou a un sector determinado, segundo o obxectivo específico que se pretenda.

Obxectivos por sectores

***Contorno sociolingüístico do centro**

- Traballar para superar progresivamente os esquemas diglósicos entre todos os integrantes do contorno próximo.
- Concienciar os sectores máis próximos ou afíns á nosa realidade para que empreguen o galego como vehículo natural de comunicación.
- Implicar activamente a comunidade escolar nun labor normalizador que repercuta máis alá do propio centro.

***Profesorado**

- Lograr unha actitude positiva do profesorado a favor da normalización.
- Comprometer na tarefa normalizadora o maior número de profesores posíbel.
- Dar os pasos necesarios para a definición da liña lingüística do centro, planificando o emprego do galego como lingua vehicular do ensino.
- Proporcionarlle ao profesorado todos os medios posíbeis para que poida desenvolver o seu labor empregando o galego como lingua instrumental.

***Alumnado**

- Comprometer na tarefa normalizadora ao maior número de alumnos posíbel.
- Promover o uso do noso idioma en carteis, murais e todo tipo de actividades que se realicen dende o centro.

- Diseñar e coordinar campañas de sensibilización e actividades a prol da normalización dirixidas á comunidade educativa no seu conxunto.
- Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación en galego presentando un amplo abano de posibilidades que poidan ter interese académico e lúdico.

***Centro**

- Comprometer todos os sectores do centro na necesidade dunha normalización plena e efectiva.
- Manter en galego toda a documentación administrativa e de xestión do centro.

Adecuación ao contexto do IES dos obxectivos xerais das etapas educativas impartidas

Analizadas as características socio-xeográficas, económicas e culturais da nosa comarca, tal e como están recollidas no primeiro apartado deste PEC, os obxectivos xerais para o noso **alumnado de ESO** serán os seguintes:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, así como coñecer e exercer os seus dereitos. Practicar a tolerancia e o respecto ás outras persoas, rexeitar os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas; resolver pacificamente os conflitos, exercitarse no diálogo e rexeitar o uso da violencia. Practicar a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condicións necesarias para a correcta realización das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- d) Entender o coñecemento científico como un saber integrado por distintas disciplinas e coñecer e aplicar os diversos métodos para identificar e solucionar os problemas nos diferentes campos do coñecemento.
- e) Valorar a creación artística e comprender as linguaxes das distintas manifestacións artísticas.

- f) Desenvolver a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, así como tomar decisións e asumir responsabilidades.
- g) Comprender e expresarse con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- h) Comprender e expresarse de maneira apropiada ao seu nivel nalgunhas das seguintes linguas estranxeiras: inglés, francés, portugués.
- i) Coñecer, valorar, respectar e defender o patrimonio cultural, histórico e artístico de Galicia; destacar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.
- j) Coñecer, valorar e respectar o patrimonio cultural, lingüístico e histórico do resto dos territorios do Estado español, así como os aspectos básicos da cultura e a historia doutros territorios de Europa e do mundo.
- k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o dos demais, aprender a coidalo e afianzar os hábitos de hixiene e saúde, así como a práctica do deporte. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade e a súa diversidade. Aprender hábitos sociais que contribúan a un consumo responsable e á defensa dos seres vivos e do medio ambiente.

Para o **alumnado de Bacharelato**, os obxectivos a acadar son:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.

- e) Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n) Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Normas de organización e funcionamento

Ver **NOF** do centro.

Oferta do IES en canto a itinerarios educativos e materias optativas

1º ESO

Materias troncais

- ◆ Bioloxía e Xeoloxía (4 horas)
- ◆ Primeira Lingua Estranxeira: Inglés (3 horas)
- ◆ Xeografía e Historia (3 horas)
- ◆ Matemáticas (5 horas)
- ◆ Lingua Castelá e Literatura (4 horas)

Materias específicas

- ◆ Educación Física (2 horas)
- ◆ 2ª Lingua Estranxeira: Francés/Portugués (2 horas)
- ◆ Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2 horas)
- ◆ Relixión Católica *ou* Valores Éticos (1 hora)

Materia de libre configuración autonómica obrigatoria

- ◆ *Lingua Galega e Literatura (3 horas)*

Materias de libre configuración autonómica elixibles (1 hora)*

- | | |
|---|---|
| ◆ Paisaxe e sustentabilidade | ◆ Oratoria |
| ◆ Educación financeira | ◆ Promoción e estilos de vida saudables |
| ◆ Xadrez | ◆ Programación |
| ◆ Investigación e tratamento da información | ◆ Identidade dixital |
| ◆ Consumo responsable | ◆ Valores democráticos europeos |
| ◆ Mobilidade escolar sostible e segura | ◆ Obradoiro de música (só en 1º ESO) |
| ◆ Sociedade Inclusiva | |

Materias de libre configuración do centro elixibles (1h.)

- ◆ Afondamento e/ou reforzo dalgunha materia: English for communication
- ◆ Materia de libre configuración do centro: Obradoiro de Teatro

(*) O alumnado elixirá 1 materia do bloque de libre configuración autonómica ou de centro

2º ESO

Materias troncais

- ♦ Física e Química (3 horas)
- ♦ Xeografía e Historia (3 horas)
- ♦ Matemáticas (5 horas)
- ♦ Lingua Castelá e Literatura (3 horas)
- ♦ Primeira Lingua Estranxeira: Inglés (3 horas)

Materias específicas

- ♦ Educación Física (2 horas)
- ♦ Música (2 horas)
- ♦ Tecnoloxía (3 horas)
- ♦ 2ª Lingua Estranxeira: Francés/Portugués (2 horas)
- ♦ Relixión Católica *ou* Valores Éticos (1 hora)

Materia de libre configuración autonómica obrigatoria

- ♦ *Lingua Galega e Literatura (3 horas)*

Materias de libre configuración autonómica elixibles(1 hora)*

- | | |
|---|---|
| ♦ Paisaxe e sustentabilidade | ♦ Oratoria |
| ♦ Educación financeira | ♦ Promoción e estilos de vida saudables |
| ♦ Xadrez | ♦ Programación |
| ♦ Investigación e tratamento da información | ♦ Identidade dixital |
| ♦ Consumo responsable | ♦ Valores democráticos europeos |
| ♦ Mobilidade escolar sostible e segura | ♦ Sociedade Inclusiva |

Materias de libre configuración do centro elixibles (1h.)

- ♦ Afondamento e/ou reforzo dalgunha materia: English for communication
- ♦ Materia de libre configuración do centro: Obradoiro de Teatro

(* O alumnado elixirá 1 materia entre as de libre configuración autonómica ou de centro (non poderá escoller a mesma materia que en 1º ESO no bloque de libre configuración autonómica)

2º ESO PMAR

Ámbitos de materias troncais

- ♦ Ámbito Lingüístico-social (Xeografía e Historia, Lingua Galega, Lingua Castelá) (9 horas)
- ♦ Ámbito Científico-matemático (Matemáticas, Física e Química) (8 horas)
- ♦ Primeira Lingua Estranxeira: Inglés (3 horas)

Materias específicas

- ♦ Educación Física (2 horas)
- ♦ Tecnoloxía (3 horas)
- ♦ Música (2 horas)
- ♦ 2ª Lingua Estranxeira: Francés/Portugués (2 horas)
- ♦ Relixión Católica ou Valores Éticos (1 hora)

Materias de libre configuración autonómica elixibles(1 hora)*

- ♦ Paisaxe e sustentabilidade
- ♦ Educación financeira
- ♦ Xadrez
- ♦ Investigación e tratamento da información
- ♦ Consumo responsable
- ♦ Mobilidade escolar sostible e segura
- ♦ Oratoria
- ♦ Promoción e estilos de vida saudables
- ♦ Programación
- ♦ Identidade dixital
- ♦ Valores democráticos europeos
- ♦ Sociedade Inclusiva

Materias de libre configuración do centro elixibles (1h.)

- ♦ Afondamento e/ou reforzo dalgunha materia: English for communication
- ♦ Materia de libre configuración do centro: Obradoiro de Teatro

(* O alumnado elixirá 1 materia entre as de libre configuración autonómica ou de centro (non poderá escoller a mesma materia que en 1º ESO no bloque de libre configuración autonómica)

3º ESO

Materias troncais xerais

- ♦ Bioloxía e Xeoloxía (2 horas)
- ♦ Física e Química (2 horas)
- ♦ Xeografía e Historia (3 horas)
- ♦ 1º Lingua Estranxeira: Inglés (3 horas)
- ♦ Lingua Castelá e Literatura (3 horas)

Materia libre configuración autonómica

- ♦ Lingua Galega e Literatura (3 horas)

Materia troncal de opción (elixir 1)

- ♦ Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas(4h)
- ♦ Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas(4h)

Materias específicas

- ♦ Educación Física (2 horas)
- ♦ Relixión ou Valores Éticos (1 hora)
- ♦ Educación Plástica e Audiovisual (2 horas)
- ♦ Tecnoloxía (2 horas)
- ♦ Música (2 horas)

(Elixir 1):

- ♦ 2ª Lingua Estranxeira: Francés / Portugués (2 horas)
- ♦ Cultura Clásica (2 horas)

3º ESO PMAR

Ámbitos de materias troncais

- ♦ **Ámbito Lingüístico-social** (Xeografía e Historia, Lingua Galega, Lingua Castelá) (9 horas)
- ♦ **Ámbito Científico-matemático** (Matemáticas aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química) (8 h.)
- ♦ **1º Lingua Estranxeira: Inglés** (3 horas)

Materias específicas

- ♦ Educación Física (2 horas)
- ♦ Relixión ou Valores Éticos (1 hora)
- ♦ Educación Plástica e Audiovisual (2 horas)
- ♦ Tecnoloxía (2 horas)
- ♦ Música (2 horas)

(Elixir 1):

- ♦ **2ª Lingua Estranxeira: Francés / Portugués** (2 horas)
- ♦ **Cultura Clásica** (2 horas)

4º ESO

Materias troncais xerais

- ♦ Xeografía e Historia (3 horas)
- ♦ 1º Lingua Estranxeira: Inglés (3 horas)
- ♦ Lingua Castelá e Literatura (3 horas)

Materia de libre configuración autonómica

- ♦ Lingua Galega e Literatura (3 horas)

Opcións

Ensinanzas académicas

Materia troncal xeral de opción:

Matemáticas orientadas ás Ens. Académicas (4 horas)

Materias troncais de opción (elixir dúas)

- ♦ Bioloxía e Xeoloxía (3 horas)
- ♦ Física e Química (3 horas)
- ♦ Economía (3 horas)
- ♦ Latín (3 horas)

Ensinanzas aplicadas

Materia troncal xeral de opción:

Matemáticas orientadas ás Ens. Aplicadas (4 horas)

Materias troncais de opción (elixir dúas)

- ♦ Ciencias aplicadas á actividade profesional (3h.)
- ♦ Iniciación á activ. emprendedora e empresarial (3h.)
- ♦ Tecnoloxía (3 horas)

Materias específicas

Obrigatorias:

- ♦ Educación Física (2 horas)
- ♦ Relixión Católica **ou** Valores Éticos (1 hora)

Elixir dúas das seguintes:

- ♦ Artes Escénicas e Danza (3 horas)
- ♦ Cultura Científica (3 horas)
- ♦ Cultura Clásica (3 horas)
- ♦ Educación Plástica, Visual e Audiovisual (3 horas)
- ♦ *Unha materia troncal de opción non escollida* (3 horas)
- ♦ Música (3 horas)
- ♦ 2ª Lingua Estranxeira: Francés / Portugués (3 horas)
- ♦ Tecnoloxías da Información e a Comunicación (3 h.)
- ♦ Filosofía (3 horas)

1º Bacharelato

Materias troncais xerais

- Filosofía (3 horas)
- Lingua Estranxeira I- Inglés (3 horas)
- Lingua Castelá e Literatura I (3 horas)

Materia específica obrigatoria

- Educación Física (2 horas)

Materia de libre configuración autonómica obrigatoria

- Lingua Galega e Literatura I (3 horas)

Modalidades

Ciencias

Troncal xeral

- Matemáticas I (4 horas)

Troncais de opción (elixir dúas)

- Física e Química (4 horas)
- Bioloxía e Xeoloxía (4 horas)
- Debuxo Técnico I (4 horas)

Humanidades e Ciencias Sociais

Itinerario Humanidades

Itinerario Ciencias Sociais

Troncal xeral

- Latín I (4 horas)

- Matemáticas aplicadas ás CCSS I (4 horas)

Troncais de opción (elixir dúas)

- Grego I (4 h.)
- Economía (4 h.)

- Literatura Universal (4 h.)
- Hª do mundo Contemp. (4 h.)

Materias específicas de opción e libre configuración

(o alumnado escollerá materias ata unha carga horaria de 6 horas)

Específicas de opción (elixir mínimo 2 e máximo 3)

- Análise musical I (3 h.)
- Cultura científica (2 h.)
- Linguaxe e práctica musical (3 h.)
- 2ª Lingua estranxeira I(2 h.)
- Tecnoloxía industrial I (3 h.)
- Tecnoloxías da información e a comunicación I (2h.)
- Unha materia troncal de opción non escollida (4 h.)
- Anatomía aplicada (3 h.)
- Debuxo artístico I (3 h.)
- Relixión (1 h.)
- Volume (3 h.)

Libre configuración autonómica

- Antropoloxía (2 h.)
- Literaturas hispánicas (2 h.)
- Robótica (2 h.)
- Coeducación para o Século XXI (2 h.)
- Afondamento e/ou reforzo dalgunha materia: English for communication (1 ou 2 h)

2º Bacharelato

Materias troncais xerais

- ♦Hª de España (3 horas)
- ♦Lingua Estranxeira II: Inglés (3 horas)
- ♦Lingua Castelá e Literatura II (3 horas)

Materia de libre configuración autonómica obrigatoria

- ♦Lingua Galega e Literatura II (3 horas)

Ciencias

Troncal xeral

- ♦Matemáticas II (4 horas)

Troncais de opción (elixir dúas):

- ♦Física (4 horas)
- ♦Química (4 horas)
- ♦Bioloxía
- ♦Xeoloxía (4 horas)
- ♦Debuxo Técnico II (4 horas)

Modalidades

Humanidades e Ciencias Sociais

Troncal xeral

Itinerario Humanidades

- ♦Latín II (4 horas)
- ♦Hª da filosofía (4 h.)

Itinerario Ciencias Sociais

- ♦Matemáticas CCSS II (4 h.)
- ♦Hª da filosofía (4 h.)

Troncais de opción (elixir unha)

- ♦Grego II (4 horas)
- ♦Economía da empresa (4 horas)
- ♦Xeografía (4 horas)
- ♦Hª da arte (4 horas)

Materias específicas de opción e libre configuración

(o alumnado escollerá materias ata unha carga horaria de 8 horas)

Específicas de opción (elixir mínimo 2 e máximo 3)

- ♦Análise musical II (3 h.)
- ♦Hª da música e da danza (3 h.)
- ♦Debuxo artístico II (3 h.)
- ♦Imaxe e son (3 h.)
- ♦2ª Lingua estranxeira II (3 h.)
- ♦Psicoloxía (3 h.)
- ♦Fund. de adm. e xestión (3 h.)
- ♦Tecnoloxía industrial II (3 h.)
- ♦Técnicas expresión gráfico-plástica (3 h.)
- ♦Relixión (1 h.)
- ♦Ciencias da terra e do medio ambiente (3 h.)
- ♦Tecnoloxías da información e a comunicación II (3h.)
- ♦Unha materia troncal de opción non escollida (4 h.)

Libre configuración autonómica e de centro

- ♦Ética e filosofía do Dereito (2 h.)
- ♦Filosofía da ciencia e da tecnoloxía (2 h.)
- ♦Métodos estatísticos e numéricos (2 h.)
- ♦Xeografía e historia de Galicia (2 h.)
- ♦Patrimonio artístico-cultural de Galicia (2 h.)
- ♦Electrotecnia (2 h.)
- ♦Literatura galega do s. XX e da actualidade (2 h.)
- ♦Afondamento e/ou reforzo dalgunha materia: English for communication (1 ou 2h.)

Actividades e servizos

Recóllense no seguinte cadro os servizos e actividades que se desenvolven de forma permanente no noso centro. Calquera outra actividade ou servizo que non tivera este carácter permanente será tamén recollida na Programación Xeral Anual.

Servizos	Actividades
Transporte escolar	Deporte Escolar.
Comedor	Tíralle da lingua.
Cafetería	Participación no plan Proxecta.
	Intercambio culturais con outros centros educativos da comunidade.
	Participación na semana de teatro escolar de Bande.
	Festivais e celebracións (Nadal, Entroido, fin de curso, Letras Galegas).
	Saídas medioambientais no entorno.
	Asistencia a concertos musicais para escolares.
	Saídas escolares dos diversos departamentos.

	Participación en concursos culturais.
	Charlas e obradoiros impartidas por autores, organismos e/ou institucións. Actividades da Biblioteca Escolar. Club de lectura.
	Exposicións artísticas.

Formas de colaboración e participación entre os diferentes sectores da comunidade educativa

A Dirección considera que o centro, independentemente da súa labor educativa, deberá ser o motor impulsor de outras actividades nas que se impliquen todos os sectores da comunidade educativa, tanto no que se refire a participación como no tocante a organización.

Os sectores educativos mais relevantes son:

- AMPA (no noso centro non existe)
- Xunta de Delegados
- Concello

O centro mantén unhas canles de comunicación a través das cales os tres sectores mencionados colaboran de diferentes formas nas actividades levadas a cabo ao longo do curso.

No centro está constituída a Xunta de Delegados, integrada polos delegados dos distintos grupos, que a súa vez están representados no Consello Escolar por catro compañeiros elixidos cada catro anos cada vez que se renova este órgano colexiado.

A función da Xunta de Delegados é a de ser portavoz dos seus compañeiros ante a dirección do centro e transmitir as súas peticións e preocupacións aos seus representantes no Consello Escolar, así como a de transmitirille aos compañeiros todo tipo de informacións referidas por exemplo a normas de réxime interno transmitidas pola Xefatura de Estudos.

As canles de comunicación da Xunta de Delegados realízanse a través das reunións que periodicamente manteñen coa Xefatura de Estudos, tanto cando son convocados pola mencionada xefatura como cando a Xunta solicita manter unha reunión para tratar calquera tema relacionado co funcionamento dun grupo en particular ou en xeral.

A Xunta de Delegados mantén reunións tamén coa vicedirectora, para levar a cabo a organización de todo tipo de actividades, tanto nas que son organizadas polos diferentes Departamentos Didácticos como naquelas que se levan a cabo para conmemorar calquera celebración (festa de Nadal, celebración do entroido, ou calquera outra actividade ou acto lúdico, coordinado sempre pola vicedirectora).

A Xunta de Delegados, ten tamén a función e obriga de manter reunións na que se acorden a celebración de asembleas de alumnos nas que

se acorden calquera tipo de protesta ou reivindicación que altere dalgunha maneira a normal funcionamento da vida académica.

Por último, o Concello como parte integrante do órgano de maior rango do centro (Consello Escolar), mantén a través do seu representante, que no noso centro é o Alcalde, un contacto permanente co centro a través de comunicados por escrito, vía telefónica, a través do correo electrónico, para as diferentes colaboracións que se levan a cabo ao longo do curso. O máximo expoñente desta colaboración é a celebración da Semana do Teatro que se celebra todos os anos na semana das Letras Galegas.

Este certame está promovido polo Concello, o CIP e o propio centro, nel interveñen durante unha semana grupos de teatro escolar das catro provincias galegas. A todos os participantes se lles fai entrega dun diploma de participación e tamén dun premio en metálico para axudar a paliar os gastos que ocasionados polo desprazamento.

Outras colaboracións que se levan a cabo entre o Concello e o centro son por exemplo conferencias sobre o uso de drogas, os perigos en internet etc, impartidos polas forzas e corpos de seguridade (policía, garda civil), actividades deportivas, nas que o centro pon as instalacións e o concello os monitores que imparten estas actividades.

Formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións

O IES Aquis Querquernis é un centro aberto ao entorno social.

Cada curso, de forma sistemática, realízanse actividades con distintos organismos, que dan lugar a un bo número de actividades extraescolares.

Colabórase de forma sistemática coas seguintes entidades, organismos e institucións:

- Consellería de Educación
- Concellos
- Servizos sociais dos concellos

- Centros de Primaria adscritos:
 - CEIP Xoaquín Lourenzo Xocas- Bande
 - CEIP Santa María A Real- Entrimo

- CEIP do Xurés- Lobios
- CEIP Valle-Inclán- Muiños
- Cruz Vermella de Celanova
- Organización QUEROTE- Ourense
- Coordinadora comarcal do Equipo de Normalización Lingüística
- CEIDA
- Intercambio cultural con outros IES
- “Plan Director” coa Garda Civil
- Universidades da Comunidade Autónoma
- CEFOREN Ourense
- EOI de Ourense
- Centros de Saúde

FORMAS DE COLABORACIÓN:

Deberanse establecer os medios para a necesaria coordinación cos centros adscritos o I.E.S. e para favorecer o paso da Primaria á Secundaria Obrigatoria.

Temos os seguintes obxectivos:

- Coordinar as ensinanzas que se imparten.
- Coordinar a aprendizaxe de alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- Potenciar relacións de convivencia entre o profesorado dos centros.
- Informar sobre a oferta educativa do noso centro.

Estes obxectivos lévanse a cabo cos medios que seguen:

- Reunións de coordinación didáctica entre os profesores dos centros que imparten no Primeiro Ciclo da ESO e os mestres de 6º Primaria.
- Visitas por parte de representantes do centro aos colexios ou viceversa.
- Actividades extraescolares realizadas conxuntamente.
- Contacto directo do Departamento de Orientación co D.O.Primaria
- Fluidez nas relacións administrativas e docentes entre os equipos directivos e profesorado en xeral.

- Colaboración no uso de instalacións e recursos didácticos de todo tipo.

Lévanse a cabo programas en colaboración co goberno autonómico:

- Consellería de Educación: Programa PROA, CUALE, PALE, CEIDA, Inmersión lingüística, facilitación de material didáctico ou de sensibilización, mellora das bibliotecas, mellora de mobiliario e instalacións do centro, mellora a nivel informático(wifi, ordenadores, pantallas dixitais...), páxina Web centro, programa de educación para a saúde: alcohol, drogas, tabaco...

As relacións do Instituto coas Universidades galegas pretenderán:

- A formación do profesorado a partir das actividades que organice a universidade.
- Acollida e titorización de alumnado en prácticas da universidade
- Información ao alumnado a partir do Departamento de Orientación, das titorías e charlas de profesorado da universidade, de toda a información que proveña da Universidade no relativo a mellorar a orientación vocacional e profesional.
- Coordinación/participación do profesorado do I.E.S cos representantes da CIUG en todo o relativo ás materias de 2º de Bacharelato para as probas de acceso á universidade.

Cos concellos da zona, o obxectivo básico será fomentar a colaboración técnica e económica sen esquecer a coordinación de actividades culturais a través do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares potenciando a utilización de recursos municipais: casa da cultura, biblioteca, polideportivo, etc.

O medio habitual de colaboración será mediante o Equipo Directivo e, por suposto, do representante do concello no Consello Escolar.

Ademais existirá unha contínua relación e intercambio de información cos servizos sociais da zona para favorecer e axilizar a atención ao alumnado e familias da zona en temas relacionados co: absentismo escolar, abandono familiar, alcoholismo, maltrato, dificultades de aprendizaxe, deficiencias, situacións sociais e culturais desfavorecidas, problemas conductuais...

As relacións co CEFOREN atenderán preferentemente ás necesidades que vaian xurdindo nos diferentes campos formativos ben de forma individual ou colectiva.

- Formación do profesorado.
- Favorecer a información e consulta de materiais.
- Asesoramento didáctico sobre calquera tema educativo.

As relacións, ademais da directa e cotiá que existe entre o profesorado do Instituto e os asesores CEFOREN, terán lugar fundamentalmente a través do Claustro- Equipo Directivo cando afecten a decisións de centro.

As relacións institucionais non se esgotan coas citadas expresamente ata agora, senón que teremos que incluír a colaboración con outras moitas asociacións que existan no contorno, tales como:

- Grupos/ bandas musicais da zona
- Deportivas (Clubs de fútbol...)
- Asociacións culturais
- Parque do Xurés
- Outros concellos
- E outras que podan existir no futuro.

Todas as actividades que se realicen con estas e outras institucións deberán contemplarse na Planificación Xeral Anual.

Proxecto curricular do centro

Ver carpeta adxunta “PCC”